



José Manuel Mayo Priegue en calidade de secretario accidental do Concello de Muros,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 20 de marzo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2. Asuntos económicos/contratación:

c) Inicio de expediente de contratación da obra “Mellora camiños en Rebordiño” financiada pola Deputación da Coruña POS+ COMPLEMENTARIO 2023 (Exp. núm.: 2023/C003/000009)

Aprobación do expediente de licitación da contratación sen división en lotes mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria da obra “Mellora de camiños en Rebordiño”

Visto que mediante memoria efectuada pola Alcaldía do Concello de Muros o 23 de febreiro de 2024, detectouse a necesidade de realizar a contratación da obra de a “Mellora de camiños en Rebordiño”.

Visto que consta no expediente informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente así como emisión da retención de crédito correspondente.

Visto que emitiuse pola Secretaría informe de procedemento sobre a lexislación aplicable, procedemento a seguir, órgano competente para aprobar e adjudicar o contrato e demais aspectos previstos normativamente.

Visto o informe proposta favorable de Secretaría e o informe de fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e artigo 117 da LCSP, así como a delegación efectuada pola Alcaldía, mediante decreto núm. 697/2023 de 26 de xullo, publicada no BOP núm. 147 de 3 de agosto, a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do contrato de obra “Mellora de camiños en Rebordiño” financiado pola Deputación da Coruña ao abeiro do programa POS+2023.

SEGUNDO. Autorizar e comprometer o gasto por importe do orzamento de licitación, 99.450,00 €, IVE incluído, con cargo ao saldo de créditos retidos da aplicación orzamentaria 2023/1532/60900 do estado de gastos do Orzamento municipal do 2021, prorrogado, no RC 220230007551.

TERCEIRO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público.

QUINTO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante.

Presidencia da mesa:

- *Presidencia: Concelleira delegada de obras e servizos, promoción económica e festexos, participación cidadá e relacións veciñais, ensino e lingua, Laura Eiras Rivadeneira.*
- *Suplente: Concelleiro delegado de persoal e servizos sociais, Mario Martínez Lago*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Vogais:

- *A titular da Secretaría municipal, Mónica Freire Dosil, que actuará como vogal xurídico, ou funcionario/a que actúe como secretario/a accidental.*
- *O titular da Intervención municipal, Francisco Abeijón Núñez, que actuará como vogal ou funcionario/a que actúe como interventor/a accidental.*

Secretaría da mesa:

- *José Manuel Mayo Priegue, funcionario de carreira do Concello de Muros.*
- *Suplente: María Noelia Louro, funcionaria do Concello de Muros.*

SEXTO. *Facultar á alcaldesa do Concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

E para que así conste, coa excepción do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, ao non terse aprobada a acta e, por tanto, a reserva dos termos que resulten da aprobación correspondente, expido este certificado da orde e co visto e praxe da alcaldesa dona María Lago Lestón na data da sinatura dixital.

Documento asinado electronicamente.